



Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo 2022

## A 'Escola do espectador nas ondas' propón esta fin de semana dúas conversas abertas ao público con Titzina Teatro e Leo Bassi

O Salón social do Pazo da Cultura acollerá as conversas o sábado 15 e o domingo 16, guiadas polo xornalista Daniel Galindo, cos intérpretes e creadores destes dous espectáculos, cuxa estrea en Galicia terá lugar no marco do FIOT31

A Escola do espectador nas ondas, de acceso libre, terá continuidade dúas fins de semana máis, e contará con Patricia de Lorenzo, Xesús Ron e Pont Flotant (sábado 22) e Pablo Messiez, Rebeca Hernando e José Juan Rodríguez (sábado 29).

As estreas galegas de 'Conferencia espectacular', 'Búho' e '70 años: Leo Bassi' marcan a programación dunha fin de semana na que dá comezo o VI Certame Metro Cadrado



**Carballo, 14 de outubro de 2022.** - O Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo celebrará esta fin de semana dúas sesións da nova **Escola do espectador nas ondas**, os encontros promovidos polo FIOT entre público, artistas e xornalistas especializadas en artes escénicas para promover a comprensión e o análise dos espectáculos que conforman a programación do festival. A primeira sesión, na que participaron Mofa e Befá ('Pirólíticos'), Tito Asorey e Xosé A. Touriñán ('Recortes, caneos e outras formas de driblar', e que conduciu o xornalista e crítico teatral Camilo Franco, xa se pode escoitar desde o web <https://fiot.gal/ondafiot/>.

Así, o Salón social do Pazo da Cultura de Carballo acollerá este **sábado 15, ás 13.00 horas**, a primeira das dúas sesións desta fin de semana. O xornalista **Daniel Galindo** (presentador de La Sala, programa especializado en artes escénicas de RNE) conversará cos intérpretes e creadores de **Titzina Teatro** co gallo da **estrea en Galicia de 'Búho'** (sábado 15, ás 20.30 horas, no Auditorio, no marco do Programa de Sala do FIOT31). Precisamente **o recinto carballés será o primeiro escenario que o espectáculo visite en xira logo da súa estrea absoluta** esta mesma semana. O encontro, **aberto ao público**, contará con petiscos e grolos para as e os asistentes. Ao día seguinte, o **domingo 16 a partir das 18.00 horas**, terá lugar a segunda sesión da Escola do espectador das ondas desta semana e será con **Leo Bassi**. O clown e axistador de emocións regresa a Carballo 25 anos despois da súa primeira visita a Galicia e ao FIOT para estrear, no país, o



## Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo 2022

seu último espectáculo: **'70 años: Leo Bassi'**. Antes desta función, Galindo falará co bufón italiano sobre a súa traxectoria escénica e esta nova creación, na que esixe, a través da memoria e do humor, que se respecte tanto a súa vellez como os anos de experiencias acumulados.

De cara á semana seguinte, **o sábado 22**, celebrarase a seguinte sesión da Escola, que desta quenda dirixirá a xornalista **Machús Osinaga** (La Mandrágora, Atención Obras ou Cine de Barrio). A cita, que comezará ás 13.00 horas, contará con **Patricia de Lorenzo e Xesús Ron, de Chévere** -Premio Nacional de Teatro 2014-, **e Pont Flotant**. No primeiro caso, Patricia de Lorenzo (Xograresa de Outono 2019), presentará o venres 28, no marco do ciclo OTNI, a súa conferencia performativa 'Pequenas mentiras para contar grandes verdades', na que aborda o proceso de creación dalgúns dos personaxes que interpretou con Chévere. Pola súa banda, a veterana compañía valenciana **Pont Flotant estreará o sábado 22 de outubro en Galicia**, no marco do FIOT31, **a súa nova creación: 'Eclipse total'**, peza que se enreda nos fíos da memoria para reflexionar sobre a morte, o legado e o misterio desde o característico universo artístico do colectivo. O encontro, aberto ao público, porá en relación o traballo das compañías e dos seus procesos de investigación e documentación.

Esta nova Escola do espectador nas ondas pecharase o sábado 29 de outubro co protagonismo absoluto de **'La voluntad de creer', a nova creación de Pablo Messiez**, unha das propostas máis recoñecidas da tempada escénica e que, ao igual que Titzina, fará a primeira parada da súa xira no FIOT. O encontro, que conducirá **Paloma Cortina** (Dramedias, de RNE) terá lugar o 29 de outubro, a partir das 14.00 horas, no Salón social do Pazo da Cultura e contará coa participación cds intérpretes **Rebeca Hernando, José Juan Rodríguez** e do propio **Messiez**, neste último caso a través de videochamada.

### Axenda da fin de semana

Este venres dá comezo a terceira fin de semana de programación do FIOT, que conta con **tres estreas en Galicia** ('Conferencia espectacular', 'Búho' e '70 años: Leo Bassi') e as primeiras funcións do **VI Certame de Micro-Escenas Metro Cadrado**, a liña de programación que promove a creación de pezas escénicas experimentais en espazos non teatrais e singulares de Carballo

Ás 19.30, horas, na praza do Concello, Fran Boza presentará **'Malabarabilidades'**, unha proposta ateigada de humor, malabares e mazas, ante o público carballés. De seguido, ás 21.00 horas, haberá unha nova función do XII Ciclo OTNI (Obxecto Teatral Non Identificado), na que terá lugar a **estrea en Galicia de 'Conferencia espectacular', do recoñecido David Espinosa**, un singular parladoiro -no que combina a palabra con obxectos, maquetas e sombras- sobre o xurdimento doas novas escenas ou dos formatos teatrais máis innovadores, e na que non faltarán referencia a creacións de Peter Brook, Fura dels Baus, Mal Pelo, Needcompany ou Els Joglars, entre outras voces singulares.

O sábado 15 dará comezo a sexta edición do **Metro Cadrado**. En horario de mañá e tarde, poderanse ver ata catro funcións de dous espectáculos de breve duración: **'Menú-do día', do Colectivo #ChamizoBelloVila**, que pon o foco nas violencias continuadas que vive o colectivo LGTBQI+; e **'Cinecleta, cinema doméstico a pedais', de Sr. Lili**, un proxecto de recuperación e exhibición de películas de cinema doméstico en formato 8mm, Super8 e 16mm. O acceso será libre e gratuíto ata completar o número de prazas e recoméndase facer reserva previa a través de [fiot.microteatroentrada@gmail.com](mailto:fiot.microteatroentrada@gmail.com), indicando o nome do espectáculo, horario no que se queira asistir, nome e apelidos das ou dos asistentes e teléfono de contacto.

Pola tarde, no marco do Programa de Sala, chegará a estrea **en Galicia de 'Búho', da catalá Titzina, un espectáculo visualmente suxerente, onírico e cunha linguaxe trepidante que combina diversas artes escénicas**. A través da música, da interpretación e da escenografía, 'Búho' constrúe un relato dirixido a todo tipo de públicos que se mergulla na busca interior da memoria do protagonista á fin de recuperar os seus recordos e a súa identidade logo de sufrir un ictus que lle provoca amnesia severa. Xa pola noite, a partir das 23.30 horas, será a quenda do humor máis novo e viral con **Pablo Meixe e Adrián do Regenco**. Ambos presentarán na Rúa dos Contos os seus espectáculos 'Quen aguanta isto?' e 'Así son' no Mercado municipal.



Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo 2022

Como peche da fin de semana, e tamén no marco do Programa de Sala, o domingo 16 ás 20.30 horas terá lugar a estrea galega de **'70 años: Leo Bassi'**, peza na que o bufón italiano fai balance sobre os seus máis de 60 anos sobre as táboas. As últimas entradas dispoñibles para este espectáculo están á venda no web [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com).

Ademais da programación escénica, o Pazo da Cultura acolle dúas exhibicións que o público pode visitar no horario de apertura habitual do recinto: Zoom FIOT 2021 (situada no andar 0) e 'Trinta anos de Mofa e Befá' (situada na sala de exhibicións do andar -1, fronte ao auditorio). Toda a programación do FIOT31 pódese consultar a través do espazo web [www.fiot.gal](http://www.fiot.gal).

## **AXENDA FIOT31 VENRES 14-DOMINGO 16**

### **Venres 14 de outubro**

#### **19.30 horas na Praza do Concello**

Teatro de Rúa | 'Malabarabilidades', de Fran Boza.

#### **21.00 horas no Pazo da Cultura | Salón de actos**

Ciclo OTNI | 'Conferencia espectacular', de David Espinosa **(ESTREA EN GALICIA)**.

### **Sábado 15 de outubro**

#### **12.00, 13.00, 18.00 e 19.00 horas no Mercado municipal (andar 0)**

Metro Cadrado | 'Menú-do día', de Colectivo #ChamizoBelloVila

#### **13.00, 13.30, 19.00 e 19.30 horas no Estudio de fotografía Criss Becerra**

Metro Cadrado | 'Cinecleta, cinema doméstico a pedais', de Sr. Lili.

#### **13.00 horas no Pazo da Cultura | Salón social**

Onda FIOT | Escola do espectador nas ondas. Con Daniel Galindo e membros de Titzina Teatro.

#### **20.30 horas no Pazo da Cultura | Auditorio**

Programa de Sala | 'Búho', de Titzina **(ESTREA EN GALICIA)**.

#### **23.00 horas no Mercado municipal**

Rúa dos Contos | 'Quen aguanta isto?', de Pablo Meixe, e 'Así son', de Adrián do Regenco.

### **Domingo 16 de outubro**

#### **18.00 horas no Pazo da Cultura | Salón social**

Onda FIOT | Escola do espectador nas ondas. Con Daniel Galindo e Leo Bassi.

#### **20.30 horas no Pazo da Cultura | Auditorio**

Programa de Sala | '70 años: Leo Bassi', de Leo Bassi **(ESTREA EN GALICIA)**.

**Contacto de prensa** | [comunicacion@fiot.gal](mailto:comunicacion@fiot.gal)

Luisa Castiñeira (620 113 155) e Lucía Pita (675 404 321)

**Sala de prensa #FIOT31** | [www.fiot.gal/prensa](http://www.fiot.gal/prensa)